

ALFREDO ERIAS

óleos e dibuxos



SALA DO MINISTERIO DE CULTURA
rúa do villar 35-1º Santiago 1980

Un día, indo en percura do Tronante, fun dar cos meus sudores a unha taberna do outo Mero. Nas paredes colgaban coloreados cadriños. De súpeto decateime de que detrás latexaba un artista, e non me trabuquei: hoxe non soio latexa, mais expón.

E Erias o resultado armónico de unha persoalidade bipolar: espontánea e hipersensible de unha banda, meditada, intelectual e comprometida da outra. Se deixa levar polo seu espontáneo estro, mais por un camiño que o seu intelecto, previa e selectivamente, lle sinalou. Deixando atrás, como outros grandes artistas, as técnicas mais ou menos dibuxísticas e coloristas, a súa "evolución creativa" atópase hoxe en plena percura da expresión profunda mediante dúas técnicas: a vibración da cantidade e calidade da línea e das manchas nos dibuxos con pauciños entintados; a creación de texturas rugosas e atmósfera bretemosa, tráxica, nos óleos, en dous tempos, o primeiro pra o subtrato plástico e o segundo pra as delicadezas cromáticas.

Como artista integral e humán, inmerso nas traxedias existenciais dos nosos tempos, Erias é un pintor testemuñal que reacciona comprometidamente: velaí ises nenos tristesiros, nas cidades sen sol, sen aer, sen campos; ises outismos rascaeos que semellan aplastar os humans; ises cegos que non teñen nada ledo que contarse ou contar-nos; isa nai que non agarima ó seu fillo ca súa mirada; ise home e ise neno que xuntos, mais inco-municados, albiscan un panorama que pouco ou nada lles dí.

En suma, temos diante a un artista químicamente puro, preocupado na percura de novas formas en función da máxima tensión expresiva interna que, a xulgar polo gran chouto do ano 78, moi cedo chegará moi lonxe.

LUIS MONTEAGUDO





19-29 abril.

**días de laboura
domingos**

**7-10
12-2**